

## VI. ANUNCIOS

### B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

#### CONCELLO DE CULLEREDO

*ANUNCIO da convocatoria do procedemento selectivo para a provisión en propiedade de tres (3) prazas de oficial da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, grupo de titulación C1, funcionario/a de carreira, pola quenda de promoción interna.*

No *Boletín Oficial* da provincia número 233, do 3 de decembro de 2024, publicáronse íntegramente as bases da convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade de tres (3) prazas de oficial, da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, grupo de titulación C1, funcionario/a de carreira, pola quenda de promoción interna.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado* (BOE).

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria publicaranse no *Boletín Oficial* da provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)) cando así o establezan as bases específicas da convocatoria.

O anterior faise público para xeral coñecemento.

Culleredo, 3 de decembro de 2024

O alcalde  
P.D. (Resolución núm. 1260/2023, do 4.7.2023;  
BOP núm. 131, do 11 de xullo)  
Marta María Figueroa Fuentes  
Concelleira delegada de Cohesión Social,  
Recursos Humanos e Régime Interior

